

Persoal e Salarios nas Administracións Públicas. Galicia 1999

METODOLOXÍA

O obxectivo desta operación é recompilar e difundir información sobre efectivos de persoal e salarios pagados polas administracións públicas no ano 1999. Os datos sobre a administración territorial do Estado proceden das memorias anuais elaboradas pola Delegación do Goberno en Galicia, os da administración autonómica e organismos dependentes das bases de datos de gastos da Intervención Xeral da Xunta, e os das universidades das súas memorias e liquidacións anuais. Para a administración local a información obtense como subproduto dun proxecto máis amplo que se describe a continuación e que foi deseñado para medi-la actividade económico-financeira deste sub-sector público.

Administración Local

Dos entes que conforman o sector público local, a poboación obxecto de estudio está constituída polas deputacións e concellos e, dentro de cada unha destas unidades elementais de análise, polo conxunto de órganos que integran á súa administración xeral.

En función da metodoloxía utilizada en cada caso distinguíronse dúas subpoboacións: deputacións e concellos. A segunda investigouse por mostraxe probabilística.

O plan de mostraxe aplicado ó conxunto de concellos pretendía ofrecer estimacións da liquidación de ingresos e gastos por artigo orzamentario, agrupando os concellos por provincias e intervalos de poboación.

No deseño da mostra levouse a cabo unha estratificación segundo tres variables: provincia, tamaño e peso dos gastos de funcionamento sobre o orzamento local.

A poboación empregada para agrupa-los concellos por tamaño foi a correspondente á revisión dos padróns municipais no 1 de xaneiro de 1999. Os intervalos seleccionados foron: menos de 5.000 habitantes, entre 5.000 e 9.999, entre 10.000 e 19.999, e 20.000 habitantes ou máis.

Para o terceiro criterio utilizamos información dispoñible no marco sobre a porcentaxe que representaban os gastos de persoal sobre o gasto total, e definimos tres niveis: menos do 25%, entre o 25% e o 35%, e máis do 35%.

Investigáronse tódolos concellos con máis de 20.000 habitantes. Para a distribución

da mostra no resto utilizouse o criterio de afixación óptima, establecendo as restricións de que os coeficientes de variación para as estimacións de gastos de persoal non superasen o 10% en ningunha das agrupacións provincia/tamaño, o 2% en cada provincia, e o 1% no total de Galicia.

A mostra quedou integrada por 73 concellos, distribuídos por provincias e intervalos de poboación como segue:

Concellos segundo nº de habitantes	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	N	n	N	n	N	n	N	n	N	n
Menos de 5.000	35	3	51	4	83	6	22	3	191	16
De 5.000 a 9.999	34	5	11	3	5	3	17	3	67	14
De 10.000 a 19.999	17	9	3	3	3	2	15	10	38	24
De 20.000 ou máis	8	8	2	2	1	1	8	8	19	19
Total	94	25	67	12	92	12	62	24	315	73

En función do tipo de mostraxe e da información dispoñible finalmente no marco, que incluía a liquidación por capítulos en cada concello, os montantes por artigo en cada estrato "h" estimáronse mediante procedementos de razón:

$$\hat{Y}_h = (y_h/x_h) X_h = R_h X_h$$

Onde:

- \hat{Y}_h = Estimador do total no estrato h dun determinado artigo orzamentario
- y_h = Total de Y nos concellos da mostra do estrato h
- x_h = Total do correspondente capítulo nos concellos da mostra do estrato h
- X_h = Total do correspondente capítulo en tódolos concellos do estrato h

Estes estimadores, calculados para cada estrato e agregados segundo os distintos niveis definidos, conducen ás estimacións das variables obxecto de análise. Así, o estimador para o total da mesma variable referida a todo o universo ven dado por:

$$\hat{Y} = \sum_{h=1}^H \hat{Y}_h$$

Onde:

\hat{Y}_h = Estimador do total da variable Y para o estrato h
H = Número de estratos considerados

O estimador para o total de Y referido a un ámbito calquera de agregación G sería:

$$\hat{Y}_G = \sum_{h \in G} \hat{Y}_h$$

Onde:

\hat{Y}_h = Estimador do total da variable Y para o estrato h
 $h \in G$ = Agregación de tódolos estratos que integran o ámbito G

A metodoloxía establecida permite calcular medidas de variabilidade destes estimadores. Tendo en conta no calculo das súas varianzas os sesgos propios dos de razón, estimáronse os erros de mostraxe para cada variable en cada nivel de agregación. As aproximacións ós sesgos dos estimadores presentaban valores moi pouco significativos, o se cumpriren as hipóteses de proporcionalidade e de nulidade da ordenada na orixe das correspondentes rectas de regresión.

O erro de mostraxe relativo ou coeficiente de variación estimado de \hat{Y}_h calcúlase como:

$$CV(\hat{Y}_h) = \sigma(\hat{Y}_h) / \hat{Y}_h$$

Onde:

$$\sigma^2(\hat{Y}_h) = ECM(\hat{Y}_h) - Sesgo^2(\hat{Y}_h)$$

$$ECM(\hat{Y}_h) = [N_h(N_h - n_h)/n_h](S^2_{y_h} + R^2_{x_h} S^2_{x_h} - 2R_{xy,h} S_{x_h} S_{y_h})$$

$$Sesgo(\hat{Y}_h) = [X_h(N_h - n_h)/N_{h-1}] (C^2_{x_h} a_h / \sum X_h)$$

$S^2_{y_h}$: cuasivarianza estimada de y no estrato h

$S^2_{x_h}$: cuasivarianza estimada de x no estrato h

$q_{xy,h}$: coeficiente de correlación estimado entre x e y no estrato h

\hat{C}_{xh} : coeficiente de variación de x no estrato h
 \hat{a}_h : ordenada na orixe da recta de regresión de y sobre x

A táboa seguinte recolle as estimacións dos coeficientes de variación dos artigos orzamentarios que representaban cando menos o 5% dos totais respectivos de ingresos e gastos, así como as relativas ó persoal empregado:

Código	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos					
12 Persoal funcionario	0,0264	0,0484	0,0065	0,0186	0,0140
13 Persoal Laboral	0,0581	0,1030	0,0421	0,0730	0,0370
16 Cotas, prestacións e gastos sociais	0,0100	0,0087	0,0051	0,0115	0,0056
22 Material, subministros e outros	0,0080	0,0149	0,0471	0,0094	0,0075
60 Invest.novo infraest. e bens uso xeral	0,0736	0,1015	0,4548	0,1032	0,0926
61 Invest.reposición infraest.e bens uso xeral	0,2351	0,2599	0,0847	0,0790	0,1065
62 Invest.novo para funcionamento servicios	0,0526	0,1779	1,0143	0,0847	0,1179
Ingresos					
112 Imposto sobre bens inmobles (IBI)	0,0165	0,0208	0,0405	0,0239	0,0119
113 Imposto sobre vehículos	0,0315	0,0955	0,0892	0,0372	0,0251
130 Imposto de actividades económicas (IAE)	0,0297	0,0805	0,1877	0,0183	0,0282
31 Taxas	0,0324	0,0273	0,0838	0,0356	0,0204
42 Transferencias correntes do estado	0,0191	0,0668	0,1030	0,0181	0,0177
45 Transf.correntes de CC.AA	0,0812	0,1416	0,1960	0,0626	0,0583
75 Transf.capital de CC.AA	0,0935	0,0660	0,1025	0,1218	0,0474
Emprego	0,0471	0,1190	0,1375	0,0694	0,0393

A información do marco foi cedida polo Consello de Contas no segundo trimestre de 2002, logo da publicación do informe de fiscalización correspondente ó exercicio de 1999. O Consello de Contas puxo tamén á disposición do Instituto os documentos contables completos dos concellos da mostra. As cifras de poboación foron subministradas polo Instituto Nacional de Estatística.

Índice de siglas

OO.AA.: Organismos Autónomos

EGAP: Escola Galega de Administración Pública

IGE: Instituto Galego de Estatística

SERGAS: Servicio Galego de Saúde

AGS: Academia Galega de Seguridade

SGI: Servicio Galego de Igualdade

IGC: Instituto Galego de Consumo

IGVS: Instituto Galego da Vivenda e Solo

FOGGA: Fondo Galego de Garantía Agraria (antes Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia)

IGAEM: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

IGAPE: Instituto Galego de Promoción Económica

CRTVG: Compañía de Radiotelevisión de Galicia

CES: Consello Económico e Social

INEGA: Instituto Enerxético de Galicia

CIXTEC: Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-Financeira e Contable